



ACTA DO SORTEO PÚBLICO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS CURSOS CELGA CONVOCADOS POLA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN 2022 QUE CONTAN CON MÁIS SOLICITANTES QUE PRAZAS DISPOÑIBLES

LUGAR: salón de actos da sede da SXPL (rúa de San Roque 2, Santiago de Compostela)

DATA: luns, 14 de marzo de 2022

HORA DE COMEZO: 12.00 h

HORA DE REMATE: 12.20 h

ASISTENTES

Por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL):

- María Lourdes Batán Aira (subdirectora xeral de Política Lingüística), presidenta
- Oliva Amorín López (xefa do Servizo de Formación, Asesoramento e Proxección Exterior da Lingua), secretaria
- Manuel Martínez Lado (xefe de Sección I), vogal
- Manuel Penela Novais (xefe de Negociado de Rexistro e Tramitación), vogal

Por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega):

- Manuel Pérez Astray (técnico informático), vogal

Como público, asisten as seguintes persoas:

- Maray Alonso Cruz (DNI ***8530**), solicitante do curso Celga 4 presencial: Santiago
- Katia Aranzamendi Rodríguez (DNI ***6081**), solicitante do curso Celga 1 en liña
- Luis Francisco Ferrero Calleja (DNI ***1983**), solicitante do curso Celga 1 en liña
- Adriana Navarro Meixide (DNI ***8820**), solicitante do curso Celga 4 en liña

PROCEDEMENTO DO SORTEO

De acordo co punto 4.2 da Resolución do 26 de xaneiro de 2022, da Secretaría Xeral de Política, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4 (DOG núm. 30, do 14 de febreiro), se un curso ten máis solicitantes que prazas dispoñibles, a asignación destas farase a través dun sorteo aleatorio puro.

Para levar a cabo este sorteo, a Amtega desenvolveu un programa informático que, a partir da relación de solicitantes de cada un dos cursos, e mediante a obtención sucesiva de números ao azar coa execución dunha rutina informática aleatoria, permite obter unha listaxe de persoas seleccionadas e mais unha listaxe de agarda. Ata o día deste sorteo, a Amtega custodia debidamente o código fonte do dito programa informático.





Os cursos nos que se rexistraron máis solicitantes que prazas dispoñibles son os seguintes:

1. Curso Celga 1 en liña
2. Curso Celga 2 en liña
3. Curso Celga 3 en liña
4. Curso Celga 4 en liña
5. Curso Celga 4 presencial: A Coruña
6. Curso Celga 4 presencial: Santiago de Compostela

REALIZACIÓN DO SORTEO

Este sorteo realízase baixo a coordinación dos responsables da SXPL e a supervisión do técnico especializado da Amtega. Todos os pasos que se van executando proxéctanse nunha pantalla visible para todas as persoas presentes no salón de actos.

En primeiro lugar, móstranse as listaxes con todas as solicitudes dos cursos arriba relacionados e compróbase que, efectivamente, as persoas solicitantes que asisten como público figuran nelas.

A continuación, procédese á execución dos sucesivos sorteos para a asignación, en cada un dos cursos, das prazas do alumnado e das de reserva.

RESULTADOS DO SORTEO

Tras rematar o sorteo de cada un dos cursos que contaban con máis solicitantes que prazas dispoñibles, obtéñense as listaxes das persoas seleccionadas e as listaxes de agarda que acompañan esta acta. Estas listaxes publícanse, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na páxina web da SXPL (<https://www.lingua.gal>), xunto coas listaxes dos restantes cursos cuxo número de solicitantes non foi superior ao de prazas dispoñibles.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza o acto público deste sorteo e redáctase esta acta.

Visto e prace

A secretaria

A presidenta

